

THE MAKING OF A PAINTING / FACER UNHA PINTURA

Artista: Simon Callery

Participantes: Goa Vázquez, Julio Catalán, Alex Fuertes, Diego del Río y Cristina Rus

Vídeo documental: Ruth Vidal y Carlos Fernández

Comisaria: Elena Bangueses

Inauguración: xoves 14 de marzo ás 19 horas

Do 14 de marzo ao 30 de abril de 2024 , Sala Universitaria Profesor Manuel Moldes, Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo.

Coa colaboración do Vicerreitorado do Campus de Pontevedra e O Departamento de Pintura, Universidade de Vigo.

O termo “lugar” é crucial na obra que nos presenta Simon Callery. Aínda que o significado do mesmo sexa moi flexible, o lugar desde, por, para e no cal a obra de Simon é feita, non é ambiguo en absoluto. Descompoñéndoo para despois volver a xuntalo, este lugar que Simon imbúe na súa obra consta polo menos do sitio, os elementos, o tempo e, neste caso particular, das persoas involucradas. Esta fusión ocorre a través do contacto directo, pero formalízase de tal maneira, que a obra preserva a súa independencia. Por esta razón, considerar a peza como *site-specific* ou non, é unha decisión difícil, xa que a obra non fala sobre un lugar, senón que provén del. De ser o contrario, esperaríase atopar unha cantidade razoable de referencias específicas ao lugar, sen embargo, a información que relaciona a peza co lugar non se interpreta, senón que permanece pura.

O material estivo nun constante contacto físico co lugar ou lugares escollidos, a través dun minucioso e longo proceso de lavado dos lenzos no río, secado nas beiras, marcado e cortado no chan. O tempo lúe durante cada paso do proceso creativo, marcando un ritmo que, a cultura visualmente saturada e acelerada de hoxe, consideraría laborioso. Este ritmo pausado, permite que as cousas tomen o tempo necesario e, deste xeito, nada pareza forzado. Esta experimentación do lugar non é exclusiva do material, tamén Simon, así coma neste caso, os participantes neste proxecto, están a pasar lentamente por un proceso paralelo.

Como experto dos seus materiais e técnicas, as decisións do artista son, na maior parte do tempo, racionais, transparentes e metodolóxicas. Sen embargo, parece haber outro conxunto de decisións tomadas baixo parámetros máis opacos. Por exemplo, a identificación dos lugares pode, nalgúns casos, estar ditada por razóns estritamente prácticas, mentres que, noutros, o artista prefire sorprenderse polo que atopa nun lugar, como se quixese evitar calquera premeditación posible. Na súa franqueza, o proceso de Simon reserva certas partes ocultas, incluso cando se abre á observación detallada e á participación, semella estar permitindo que outros entren no seu proceso como un xeito de enriquecelo. Esta é unha actitude que supón riscos para aqueles que se aferran ao control, e recompensas para

aqueles dispostos a liberarse. De todo isto, parece emerxer unha rede de relacións, máis alá do aparente, relacións entre espazos, momentos e persoas. Sen dúbida, todos estes vínculos enlazan co lugar que finalmente se rexistra na obra.

A práctica artística de Simon está profundamente arraigada nas técnicas tradicionais da pintura. O seu proceso é laborioso, longo e meticuloso, adxectivos que a pintura foi eliminando durante séculos, nun esforzo por separar ao artesán do artista. Parece imposible trazar unha liña entre onde remata a preparación e onde comeza a pintura, Simon defende un modo de elaborar unha pintura directamente desde os materiais brutos, semella reclamar o contacto do artista con estes elementos como un xeito de destacar a materialidade da pintura. Unha distinción significativa entre a pintura tradicional e a obra de Simon, radica en que as súas pinturas non se centran nunha idea específica, pola contra, están impregnadas polo seu suxeito a través do contacto directo. O artista, o contido e o material interactúan, rózanse, márcanse e séntense mutuamente, eliminando así a necesidade de recorrer a metáforas. As obras realizadas desta maneira, non buscan interpretar nin transmitir nada, senón máis ben ser autónomas e ser apreciadas e experimentadas directamente.

A arte de Simon é esixente, desde a súa creación ata a súa apreciación. Consume en lugar de esperar ser consumida. O tempo, o espazo, o material e o esforzo físico empregados no lenzo, parecen xerar un déficit, esta ecuación equilibrase co esforzo e o tempo por parte do espectador. É preciso que nos tomemos un momento e esteamos presentes, que nos involucremos completamente coa obra de arte para poder experimentalala. A clave podería ser darse conta de que non hai que buscar un contido específico, xa que iso convertería a obra de arte nun mero medio, sen embargo, invítasenos a apreciar a pintura como un cúmulo de experiencias.

Simon Callery (Londres 1960) é un pintor británico. Ten exposto extensamente no Reino Unido e internacionalmente desde mediados dos anos 90. As súas pinturas recentes poñen énfase na materialidade e son "para o corpo tanto como para os ollos".

O seu traballo foi influenciado por unha colaboración a longo prazo con arqueólogos. Os métodos para relizar pinturas a gran escala no territorio, desenvolvidos en xacementos arqueolóxicos, aplicáronse agora a un traballo feito na paisaxe da contorna de Pontevedra, en colaboración con Goa Vázquez, Julio Catalán, Alex Fuertes, Diego del Río e Cristina Rus. A documentación videográfica do proceso creativo, un auténtico "making of", foi levada a cabo por Ruth Vidal e Carlos Fernández. Todos eles estudantes de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Esta é a terceira exposición individual do artista en España, previamente expuso no CAB en Burgos en 2023, e na Galería Rafael Pérez Hernando en Madrid en 2021.

Elena Bangueses